

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN NO ÁMBITO DA ACTIVIDADE ESCÉNICA PROFESIONAL EN 2019**COMPARECEN**

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **María Belén García Pichel**, na súa calidade de presidenta da **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas** (en adiante Asociación), con CIF G-15834773, con sede na Rúa Castiñeiro, nº 10, local 9, Os Tilos, 15894 Teo, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008), así como promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, pero tamén o é o impulso da cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.

Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).



Pola súa banda, a **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas** é, segundo os seus estatutos, un organismo de carácter profesional e autoxestor que integra empresas e empresarios individuais, legalmente constituídos, coa produción de toda clase de espectáculos escénicos como actividade fundamental, e que ten como fins principais a representación, defensa, xestión e promoción dos intereses dos seus asociados e o fomento e a consolidación das empresas de artes escénicas e da actividade escénica profesionalizada.

SEGUNDO.- Que a Agadic e a Asociación consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2019 que profundicen na promoción e potenciación do sector escénico galego.

TERCEIRO.- Que a Asociación, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia á feiras escénicas e encontros sectoriais de carácter estratéxico así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas asociadas e desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

CUARTO.- A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional, non só co establecemento de liñas de axudas que axuden na súa estabilidade e fortalecemento senón tamén apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. E todo este esforzo no fomento do sector escénico que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento de medidas para aumentar a presenza nos mercados culturais, e de apoio aos procesos formativos, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura deste convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a realización de actividades de dinamización, promoción e formación no ámbito da actividade escénica profesional de cara a darlle maior visibilidade ao tecido profesional da escena galega a través do desenvolvemento dun programa de actividades que se concretan en tres eixes ou liñas de traballo: 1) promoción da actividade profesional, a través da presenza nos mercados e feiras de referencia do sector, así como na participación en diferentes eventos e presentacións que leven a crear unha estratexia de



promoción profesional propia da actividade escénica. 2) formación continua e mellora profesional, con accións formativas diversas relacionadas coa xestión empresarial e módulos formativos de carácter monográfico. 3) desenvolvemento de proxectos estratéxicos encamiñados a manter espazos de intercambio xa asentados e a dinamizar o diálogo con outros axentes do sistema escénico galego e doutros territorios, como o proxecto Camiño Escena Norte ou a liña de traballo aberta co sector da Rexión Norte de Portugal.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGA DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola Asociación nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán aos actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. A Asociación comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)**, no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A Asociación comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.

CUARTA.-SEGUIMENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

A Asociación informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións e os informes responderán ao previsto no programa de actividades.



SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da Asociación actuará como responsable desta comisión a presidenta da entidade, ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, que ascende a un total de 22.850 euros, a Agadic comprométese a achegarlle á Asociación a cantidade de **20.000 (vinte mil) euros**, impostos incluídos, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 11.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, a Asociación quedará obrigada á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en tres fases:

- **50%** tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun escrito acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.
- **25%** durante o mes de **xullo de 2018**, co obxecto de seguir avanzando no financiamento das seguintes fases do proxecto. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun informe explicativo** sobre o desenvolvemento e grao de execución do proxecto.
- **25%** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento da actividade presentado no proxecto económico (**22.850 euros**), que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

1. Memoria descritiva das actividades desenvolvidas, con indicación das posibles modificacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio e das súas causas e incidencias.

2. Relación clasificada dos gastos segundo as partidas especificadas na memoria económica presentada para a firma do convenio. Esta relación clasificada de gastos deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.

3. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade conveniada; e todas aquelas cuestións que



se considere precisen explicación.

4. Xustificantes de gasto por importe da totalidade da actividade (22.850 euros), que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, certificación bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).

Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, **non supere os 300 euros**. Neste caso, o pagamento xustificarse mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".

Canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia accedendo á carpeta do cidadán <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

Se o gasto finalmente xustificado por parte da entidade fose menor ao custe da actividade presentado no proxecto económico para a firma do convenio **(22.850 euros)**, o importe da achega por parte da Agadic minorarase de xeito proporcional.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da Asociación, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

A Asociación ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da Asociación. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso a Asociación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a entidade acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados pola entidade, debidamente xustificados como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **18 de decembro de 2019**.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Ambas as partes asumen as obrigas que lles corresponden derivadas do Regulamento xeral de Protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello).

O responsable do tratamento é a Axencia Galega das Industrias Culturais e a finalidade do tratamento son as actividades necesarias para xestionar o presente convenio. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e, así mesmo, polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa aplicable e vixente na materia.

DÉCIMO TERCEIRA.- XURISDICIÓN

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan asinan na data que figura na marxe

POLA AGADIC**Jacobo Sutil Nesta**

Director da Agadic
(P.D. do presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/08/2012)

POLA ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS**María Belén García Pichel**

Presidenta da
Asociación de Empresas de Artes Escénicas

